

Exposición Temporal

**ANTONIO PALACIOS**  
**SOÑOS DE MODERNIDADE**  
**COMPROMISO CON GALICIA**

PÚBLICO ESCOLAR  
PROGRAMACIÓN ESPECIAL

**O Museo do Mar de Galicia acolle unha nova e atractiva exposición temporal dedicada ao polifacético e creativo arquitecto Antonio Palacios, considerado un dos principais referentes da arquitectura nacional do século pasado.**

Dende o gabinete de didáctica queremos convidar a todo o colectivo escolar a coñecer e descubrir connosco a obra de Antonio Palacios dende un punto de vista práctico, dinámico, participativo e por suposto, educativo.

Dar a coñecer a figura e o traballo de Palacios a partir dos elementos expositivos será o punto de partida das actividades que temos programadas. A través dun paseo pola sala poderán descubrir os grandes traballos relacionados coa arquitectura e o Vigo que el quería construír.

Tamén achegaremos aos diferentes materiais construtivos e a relación que tivo con outras artes como as plásticas e as decorativas para coñecer as outras facetas de Palacios dentro do mundo da arte.

Por último, traballaremos coas formas xeométricas e coa imaxinación para poñernos na pel dun arquitecto e porque non, dun artista, e dar pé a nosa creatividade para deseñar e construír formas e estruturas a partir de materiais atractivos e dinámicos. Con eles farán as súas composicións para achegarse dende un punto de vista artístico ao fascinante mundo da arquitectura.



## MANS A OBRA!



60 min



2o Ciclo Educación Infantil  
1er Ciclo Educación Primaria  
50 participantes máx.

Que é a arquitectura? Que ferramentas utilizan? Con que materiais traballan?

Durante o percorrido descubriremos que é a arquitectura e cal é o traballo dos arquitectos e das arquitectas ao tempo que falamos das ferramentas e dos materiais que se utilizan. Indagaremos sobre os materiais do pasado e do presente e, sobre todo, xogaremos coas formas. Círculos, cadrados, rectángulos e triángulos están por todas partes e xuntos conseguen formar grandes construcións, coma o cole, as nosas casas e tamén os parques onde xogamos.

Xa na aula, traballaremos na creación de figuras de gran formato grazas ao uso de formas xeométricas xigantes que ensamblan unhas coas outras e que permitirán plasmar as nosas ideas.

### OBXECTIVOS

- Descubrir a figura de Antonio Palacios.
- Achegarnos a arquitectura a través das formas xeométricas.
- Traballar a creatividade e a psicomotricidade do alumnado.



## IMAXINA, CREA E CONSTRÚE



90 min



2º e 3er Ciclo Educación Primaria

50 participantes máx.



Imaxinar e crear son dúas das facetas máis importantes dun arquitecto ou arquitecta. Organizar as súas ideas e pensar o que queren construír resulta fundamental para levantar tantos edificios como nos rodean. Un paseo pola sala expositiva permitiranos pescudar sobre que é a arquitectura e tamén sobre a figura de Antonio Palacios para coñecer moitas das obras que deseñou grazas as maquetas presentes no espazo. Tamén nos achegaremos ao lado máis artístico do arquitecto para falar da súa andanza nas belas artes e como foi quen de deseñar espectaculares pezas que penduraran enriba das nosas cabezas.

Por último, traballaremos na aula cos kits de magnetismo que permitan ao alumnado traballar por grupos para imaxinar e crear as súas propias esculturas.

### OBXECTIVOS

- Descubrir a figura de Antonio Palacios.
- Aprender vocabulario específico sobre a arquitectura.
- Coñecer o traballo realizado polos arquitectos e arquitectas.
- Potenciar a creatividade do alumnado.

## ARQUITECTURA SEN FILTROS



90 min

Educación Secundaria Obrigatoria  
Bacharelato

50 participantes máx.

A arquitectura permite tantas formas infinitas como nos imaxinemos. Antonio Palacios considerado un dos arquitectos nacionais máis importantes do século pasado é todo un referente neste campo. Descubriremos a súa figura a partir das maquetas presentes na exposición e comprobaremos como o seu traballo traspasou a arquitectura, traballando tamén as artes plásticas e decorativas. Mergullarémonos na súa vida para coñecer a súa traxectoria e as pegadas que deixou non só na nosa Galicia, senón tamén na capital, Madrid.

Xa na aula, propoñemos un xogo por equipos, baseado no coñecido junk art, no cal deberán traballar de forma conxunta para deseñar, planificar e construír a súa propia edificación. Por último, compartiran co resto da clase o seu deseño, explicando a súa creación e posible utilidade.

### OBXECTIVOS

- Descubrir a figura de Antonio Palacios e a súa obra.
- Achegarse ao traballo realizado por arquitectas y arquitectos.
- Potenciar a creatividade do alumnado.
- Fomentar as habilidades do grupo a nivel comunicativo.





## HORARIOS E RESERVA

*de martes a venres de 10:00 a 14:00*

1. Chama ó número 986247750 ou escríbenos un correo electrónico a [info.museodomar@xunta.es](mailto:info.museodomar@xunta.es)
2. Facíltanos os datos do teu centro escolar (nome, teléfono, mail) e do responsable da reserva, así como o número de alumnos, idades e actividades nas que estades interesados.
3. Se escribiches un correo electrónico, o Museo do Mar contactará vía telefónica para concretar a reserva.
4. Recibirás un e-mail coa confirmación da reserva.

## COMO CHEGAR

*Para chegar ó Museo do Mar, existen distintos accesos e medios de transporte que facilitan a viaxe ós usuarios:*

### Autoestrada AP-9

Dende Portugal ou outras partes de Galicia.

### Estación de autobús

Na Avda. de Madrid, con acceso á AP-9.

### Estacións de tren

Vigo dispón de dúas estacións de tren:  
A Estación de Guixar, preto do porto de Vigo e a Estación de Urzáiz, no centro da cidade.

### Vitrasa

A cidade de Vigo dispón de transporte urbano que pode achegar ó visitante ás portas do Museo do Mar. As liñas son: 15B, 15C e 10.

### DIRECCIÓN DO MUSEO DO MAR

Avenida Atlántida 160. 36208 Vigo.

### COORDENADAS

42.224117, -8.770169





MUSEO DO MAR DE GALICIA  
GABINETE DIDÁCTICO

Avenida Atlántida 160. 36208 Vigo.  
Teléfono: 986247750

Elaborado por:

